

INFORMALISMO

OBRA: PINTURA

AUTOR: Antoni **TÀPIES** (1923-2012)

CRONOLOXÍA: 1955

ESTILO: Informalismo matérico

MATERIAIS: Mixta sobre lenzo

MEDIDAS: 96 cm x 145 cm

LOCALIZACIÓN: Museo Reina Sofía, Madrid



TÀPIES E O INFORMALISMO

Despois da Segunda Guerra Mundial comeza unha nova etapa na arte estreitamente vencellada coa evolución dos tempos. Créanse múltiples e novidosas formas de expresión debidas á total liberdade de creación para reinterpretar a nova realidade. Estas tendencias establecen unha ruptura coas correntes estéticas anteriores, e nelas búscase a orixinalidade e provocar unha ollada do espectador ante a obra de arte. En paralelo co Expresionismo Abstracto americano, o Informalismo xurdiu en Europa cara a 1945. Afín ao ambiente anímico da Posguerra, de desalento, de absurdo, reflicte a súa expresividade con total liberdade en canto ao uso da pintura e os materiais. En lugar de empregar o debuxo, introduce signos e garabatos. Dentro do Informalismo distínguense diferentes tendencias, por exemplo, a pintura matérica, que utiliza area, aglutinantes, farrapos, madeiras ou serrín, ademais de desgarros e cortes no lenzo; ou a corrente tachista ou manchista, que usa manchas de cor. Entre os seus artistas destacan Pierre Soulages, Lucio Fontana e o Grupo Cobra, e entre os españois atópanse algúns dos informalistas máis recoñecidos como Manolo Millares, Martín Chirino, Antonio Saura e Antoni Tàpies.

Tàpies foi un dos principais expoñentes do Informalismo e un dos artistas españois máis destacados do S.XX. De formación autodidacta, creou o seu propio estilo dentro das vangardas pictóricas, cun estilo abstracto pero cheo de simbolismo, dándolle gran importancia ao substrato material do cadro. Na súa obra destaca un marcado sentido espiritual, de xeito que o soporte material transcende o seu estado para buscar unha profunda análise do ser humano. Amosa influencias do existencialismo e da filosofía oriental. Representante da chamada "pintura matérica", Tàpies utiliza materiais non artísticos, de reciclaxe, ou refugallo, como cordas, area, cemento, papeis ou po de mármore. Nas súas obras mestura diversos materiais que dan a consistencia de muros, engadíndolles signos ou símbolos que recordan aos graffitis (cruces, lúas, asteriscos, letras, números...), aos que se unen a obsesiva repetición dun número reducido de obxectos e motivos, como cadeiras, portas, xanelas, zapatillas ou pés. Para Tàpies, estes símbolos fan referencia a temas como a vida e a morte, a soidade, a incomunicación ou a sexualidade. Outro rasgo é a súa austeridade cromática, con cores frías e terrosas (ocres, marróns, grises, beiges, negros), propios da vida interior do artista e do mundo filosófico. Amosa unha nova visión da realidade máis sinxela e cotiá, dotándoas de maior espiritualidade. Baséase nas angustias e medos do existencialismo, pero tamén reivindicando a liberdade, a importancia do individuo e o sentido da vida.

COMENTARIO

Picasso e Braque xa experimentaran a principios da década de 1910 cos materiais na pintura, ao engadir serrín e arenisca ás súas obras cubistas. Os artistas André Masson, Joan Miró ou Jean Dubuffet usan métodos similares pero, a diferenza deles, Tàpies non concibe o seu modo de traballar como un experimento circunstancial, senón como unha linguaxe, cuxa intención última é a comprensión estrutural da propia materia.

En 1948 foi un dos fundadores da revista e do movemento coñecidos como *Dau al Set*, relacionados co Surrealismo e co Dadaísmo. O líder deste movemento foi o poeta catalán Joan Brossa e, xunto a Tàpies, figuraron Modest Cuixart, Joan Josep Tharrats, Joan Ponç, Arnau Puig e Juan Eduardo Cirlot, que se dissolveu entre os anos 1952 e 1955. A revista perdurou ata 1956, pero Tàpies marchara a París en 1950 e afastouse do grupo aínda que seguise colaborando esporadicamente na publicación.

A principios da década dos 50, tras superar a súa etapa figurativa e “mágicista-surrealista” que o caracterizaba, a obra de Tàpies foise perfilando paulatinamente cara á abstracción. En 1952 aínda convivían ámbalas dúas vías, e en 1953 aparecen xa os primeiros atisbos de elementos táctiles, que veñen a sumarse ao puramente visual. Porén, non sería ata 1955 (data da presente obra) cando o emprego de materiais alleos á pintura (areas, cemento), empezan a converterse nos actores principais da obra de Tàpies, creando a estética que o caracteriza. As obras deste período e da década seguinte, representan unha novidosa e persoal linguaxe baseada na liberdade absoluta do artista, na que os valores plásticos baséanse tanto no visual como nas calidades táctiles dos materiais empregados (as chamadas texturas). Neste tipo de obras, realiza auténticos muros nos seus cadros, ás veces son composicións moi estruturadas e sereas, e outras máis libres e violentas. Son obras relacionadas coa abstracción, introducindo ás veces signos, caligrafías ou número. Neste tipo de obras o material convértese no protagonista absoluto co que o autor xera unha estética, e non ao revés. A través da materia, Tàpies descubre un novo mundo, a “poética da materia”, alonxado do concepto tradicional do estético ou dunha proposta formal pechada. Un novo mundo no que crea un estilo moito máis libre (aínda que non indefinido), capaz de evocar un universo novo de sensacións para o espectador.

Nesta obra o artista elimina todo vestixio figurativo, e investiga coa materia pictórica como medio expresivo, concebindo a superficie non como un fondo sobre o que representar, senón como un espazo onde actuar, mediante a técnica do **grattage** (consistente en rachar, raspar ou horadar) coa intención de outorgar relevo as súas mesturas, resultantes de engadir po de mármore triturado coa pintura ao óleo, empregando cores terras –castaños, beiges e ocres-, diversos tons de grises e o branco sucio, tan característico do artista, onde aparecen os signos gráficos que salientan a calidade de muros, xa sexa en sentido literal, nominal ou metafórico e que pretende superar a descrición obxectiva da realidade para imprimir na materia mesma dos seus cadros os signos e as pegadas da experiencia histórica colectiva.

Os anos 50 foron unha das etapas máis interesantes de Tàpies, nas que realiza os seus grandes cadros matéricos e que duraría ata 1970, momento no que comeza a introducir obxectos cotiáns nas súas obras e a realizar esculturas e *ready-mades* cercanos á chamada Arte Povera.